
ArGaMed 7/2025
eISSN 2695-3951

Manifestacións de relixiosidade na Galicia medieval

Literatura, historia e arte

Manuel Negri
(ed.)



XUNTA
DE GALICIA

ArGaMed 7/2025
eISSN 2695-3951

Manifestacións de relixiosidade na Galicia medieval

Literatura, historia e arte

Manuel Negri
(ed.)

XUNTA DE GALICIA

Secretaría Xeral da Lingua
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario xeral da Lingua
Valentín García Gómez

Coordinador científico do CIRP
Manuel González González

Coordinadora do proxecto Arquivo Galicia Medieval
Pilar Lorenzo Gradín

Directora da colección
Déborah González

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Santiago de Compostela, 2025

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela
Tfno. +34 881 996 152 Fax. +34 881 996 140
Enderezo electrónico crpih@cirp.gal
<http://www.cirp.gal>

Imaxe: Santa María de Armenteira.
Fotografía de Manuel Negri

Autores: Mariana Fonseca Barros, María Carrión Longarela, Rúben Filipe Teixeira da Conceição,
Paula Corbeira Paz, Lúa Blanca Garea Garrido, Manuel Negri, Mariagrazia Staffieri,
Celia Vila Fernández

Título: *Manifestacións de relixiosidade na Galicia medieval: literatura, historia e arte*

Este traballo monográfico corresponde ao número 7
da serie *ArGaMed. Arquivo Galicia Medieval*

eISSN: 2695-3951

DOI: <https://doi.org/10.52740/argamed.25.07.00086>

Índice

Introdución

Sobre as manifestacións de relixiosidade na Galicia medieval

Manuel Negri..... 5

Versos en viaxe. Por el *Camiño francés* con los trovadores

Mariagrazia Staffieri 11

Os contactos entre a Galiza e Jerusalém na *Historia Compostellana* e no *Liber Sancti Iacobi* (século XII)

Mariana Fonseca Barros 32

Cando Compostela comungou coa ciencia: a actividade intelectual dos franciscanos santiagueses nunha análise comparativa

Lúa Blanca Garea Garrido 51

Pontes para o Céu. Os legados testamentários a pontes na Galiza medieval (séculos XII a XIV)

Rúben Filipe Teixeira da Conceição..... 68

Pecado e admonición: unha aproximación iconográfica á concepción románica do contorno norte da catedral de Lugo

Celia Vila Fernández..... 85

Imágenes póstumas de mujeres piadosas. Gestos y dispositivos de rezo en la escultura bajomedieval gallega

María Carrión Longarela..... 103

Sanctitatem et clericatum: a implantación dos cóengos regulares de Santo Agostiño en Galicia e o seu legado patrimonial

Paula Corbeira Paz..... 124

Introdución

Sobre a diversidade das manifestacións de relixiosidade na Galicia medieval

Manuel Negri – Universidade de Santiago de Compostela

Ao referirse ás “manifestacións” de relixiosidade na Idade Media galega, podería supoñerse que este volume da colección *ArGaMed* —titulado *Manifestacións de relixiosidade na Galicia medieval: literatura, historia e arte*— pretende abordar prácticas relixiosas populares diferenciadas das oficiais eclesiásticas, ou mesmo aludir ás distintas fases da evolución desa relixiosidade especialmente viva en contextos rurais galegos. Trátase, sen dúbida, dun tema estreitamente vinculado á realidade territorial do noroeste peninsular, xa obxecto de diversas investigacións, tamén de orientación antropolóxica. Porén, o enfoque que aquí se propón é outro: céntrase na análise das formas de relixiosidade asociadas ao poder e ás prácticas desenvolvidas en ámbitos institucionais.

A través da análise de fontes literarias —que inclúen a lírica trobadoresca, a haxiografía e a literatura científica—, documentais —como os legados testamentarios— e artísticas —patrimonio monástico, escultura funeraria e arte románica—, as diferentes contribucións deste monográfico comparten un eixo común malia a súa heteroxeneidade: a capacidade de diversas manifestacións relixiosas da época para integrarse en dinámicas sociais, políticas e simbólicas. O volume propón como obxectivo principal —alén dos propios de cada autora ou autor— mostrar a inserción da relixiosidade medieval galega nas dinámicas e nas inquedanzas do mundo laico, entendida como unha realidade plural e de alta complexidade.

No que atinxe á organización desta colección de estudos, esta articúlase en sete contribucións, organizadas progresivamente segundo a tipoloxía das fontes examinadas e o enfoque disciplinar predominante. As tres primeiras achegas —de Mariagrazia Staffieri (doutoranda na Università La Sapienza di Roma), Mariana Fonseca Barros (doutora pola Facultade de Letras da Universidade do Porto) e Lúa Blanca Garea Garrido (doutoranda da Universidade de Santiago de Compostela)— abordan cuestións filolóxicas e relacionadas co mundo da palabra e da tradición libraria. A seguir, o artigo de Rúben Filipe Teixeira da Conceição (doutorando na Facultade de Letras da Universidade do Porto e na Universidade de Santiago de Compostela) céntrase na lectura, análise e interpretación de documentación histórica. Finalmente, as tres últimas contribu-

cións —asinadas por Celia Vila Fernández, María Carrión Longarela e Paula Corbeira Paz (todas investigadoras en formación da Universidade de Santiago de Compostela), móvense no ámbito da escultura e do patrimonio artístico, ofrecendo perspectivas sobre os aspectos máis materiais da relixiosidade medieval galega que se manifesta, como xa se indicou, en ámbitos oficiais.

Coa contribución “Versos en viaxe. Por el *Camiño francés* con los trovadores”, Mariagrazia Staffieri centra a súa atención no valor cultural e literario do Camiño de Santiago, especialmente a través da toponimia asociada ao chamado *Camiño francés*. Retomando e renovando o estudo de referencia de Mariagrazia Russo (2004), a autora non se limita a describir algúns tramos do itinerario físico da peregrinación, senón que o interpreta como un trazado cultural, que acaba cargándose de significados simbólicos e literarios, e que transcende a dimensión devocional para adquirir tamén relevancia social e política.

O capítulo analiza en conxunto como varios topónimos presentes nas *cantigas* profanas se converten en coordenadas poéticas que articulan un diálogo entre espazo real e espazo lírico. Desde Rocamador e Estela ata Burgos, Carrión ou Bonaval, as etapas do *Camiño francés* aparecen evocadas con funcións diversas: ora como marco dun encontro amoroso, ora como referencia proverbial, ora como indicio dun itinerario devocional *sui generis*. Esta perspectiva permite entender o *Camiño* non só como vía de peregrinación, senón como matriz simbólica interiorizada polos trobadores, que a integran no seu repertorio expresivo.

A lectura proposta pola investigadora italiana —fundamentada noutros traballos recentes sobre o cartografado da lírica medieval asociada a Compostela, da man de María Isabel Morán Cabanas (2021), José António Souto Cabo (2012) e destes dous especialistas con Yara Frateschi Vieira (2011, 2015 e 2025)— revela, en definitiva, como o *Camiño* se converteu nun espazo de construción de identidade para os trobadores, onde a relixiosidade se mestura coa narrativa, a memoria e a representación do territorio. Esta lectura permite entender o *Camiño* como un fenómeno complexo, que excede a esfera relixiosa para adquirir tamén relevancia en ámbitos non eclesiásticos. Destaca, nas conclusións, unha completa e útil taxonomía das “líneas de uso predominantes” dos topónimos estudados.

Sempre quedando no eido da toponimia e das significacións vinculadas a ela, Mariana Fonseca Barros —“Os contactos entre a Galiza e Jerusalém na *Historia Compostellana* e no *Liber Sancti Iacobi* (século XII)” — examina con rigor a presenza do topónimo “Xerusalén” en dúas grandes narrativas compostelás da Idade Media. A autora analiza como este lugar, lonxe de ser unha simple referencia xeográfica, se converte nun elemento cargado de valor simbólico. O seu emprego aparece xustificado tanto para exaltar a sé compostelá como para articular un discurso político e eclesiástico orientado á lexitimación e ao prestixio local, co propósito de reforzar a autoridade de Xelmírez e situar Compostela nun plano equiparable ás grandes sedes da Cristiandade.

Neste contexto, Barros pon de relevo episodios significativos, como a translación de reliquias, a correspondencia cos patriarcas xerosolimitanos e a instrumentalización das viaxes a Oriente para fins diplomáticos e financeiros. O estudo conclúe que Xerusalén funciona como un referente ambivalente: por unha banda, paradigma da espiritualidade e destino de cruzada; por outra, recurso retórico ao servizo dun programa ideolóxico ben calibrado. Do mesmo xeito que

na contribución inicial, o capítulo da investigadora portuguesa achega un elemento de notable novidade ao ofrecer unha sistematización e da avaliación conxunta dun nome de lugar dotado dunha intensa carga relixiosa, xa parcialmente estudado por Emma Falque Rey (2013), editora da *Historia Compostellana*.

En “Cando Compostela comungou coa ciencia: a actividade intelectual dos franciscanos santiagueses nunha análise comparativa” (último capítulo dedicado ás cuestións textuais, aínda que máis relacionadas cos libros como vehículo material do saber), Lúa Blanca Garea Garrido aborda unha cuestión pouco explorada: a presenza temperá de estudos científicos nos conventos mendicantes composteláns do século XIII. A investigadora parte do famoso Ms. Vat. Lat. 659 para reconstruír un panorama no que fe e ciencia converxen. Revélase así a posible existencia dun corpus bibliográfico galego custodiado e empregado por franciscanos e orientado á filosofía natural, á astronomía e á astroloxía, nun contexto que situaría tamén Santiago de Compostela como parte activa das redes intelectuais europeas.

Este estudo —que, pola súa achega canto ao procedemento e á interpretación, podería contribuír a favorecer novas reflexións futuras arredor desta cuestión— propón unha metodoloxía comparativa para contextualizar o caso compostelán, a través do exame de paralelismos e diferenzas con centros como Oxford e París, así como con realidades menos coñecidas (*Vallis Viridis* e o convento de Sarnano), co obxectivo de ponderar a magnitude e singularidade da actividade científica santiaguesa. Esta aproximación permite entender que, malia a súa curta traxectoria, os *studia* franciscanos de Compostela compartían intereses e prácticas coas correntes escolásticas europeas. Ao mesmo tempo, o artigo de Garea Garrido contribúe a redefinir a imaxe de Compostela como centro de saber no século XIII e —aspecto relevante— abre novas vías para investigar a relación entre cultura mendicante, ciencias e redes de intercambio no Occidente medieval.

Na introdución do seu célebre *El Hombre Medieval*, Jacques Le Goff escribía que “la eternidad para el hombre de la Edad Media se encuentra siempre a dos pasos”(Le Goff 1987: 38). O artigo de Rúben Filipe Teixeira da Conceição —“Pontes para o Céu. Os legados testamentarios a pontes na Galiza medieval (séculos XII a XIV)” — exemplifica con precisión este concepto, ao mostrar como a realidade material podía adquirir unha proxección simbólica orientada cara á vida eterna aos ollos dos fieis galegos da Baixa Idade Media.

Se ben o obxectivo declarado é, coas palabras do mesmo autor, “aprofundar o impacto que os legados testamentarios tiveram na construción e manutención das pontes na Galiza entre os finais dos séculos XII e XIV”, esta concreta investigación histórica é capaz de integrarse nun marco interpretativo máis amplo, iluminando prácticas que revelan a mentalidade medieval “no momento finito da vida terrena”. As pontes, concibidas como estruturas imprescindibles de tránsito e de articulación territorial “na rede viaria da Galiza medieval”, revelan a súa condición non só de obras arquitectónicas destinadas a perpetuar a memoria do defunto e a exaltar a relevancia da súa liñaxe mediante doazóns *post mortem*, senón tamén de símbolos privilexiados de cohesión baixo unha perspectiva espiritual e ideolóxica.

Esta contribución, ao integrar unha exhaustiva análise documental e reflexión histórico-cultural, dialoga con correntes historiográficas que procuran comprender a interacción entre

materialidade, relixiosidade e poder, en liña co enfoque desenvolvido por Alan Ralph Cooper (2006) para o ámbito medieval inglés (ofrecendo, asemade, un complemento ao estudo de similar temática sobre o territorio portugués, publicado nunha contribución do mesmo autor en 2022). Sen pretender adiantar conclusións que os lectores terán certamente ocasión de apreciar ao final do capítulo, cómpre subliñar que este enfoque abre novos camiños para interpretar categorías como memoria, salvación e prestixio, situándoas no contexto das estratexias —múltiples e inesperadas— que artellan o espazo do noroeste peninsular.

Celia Vila Fernández —“Pecado e admonición: unha aproximación iconográfica á concepción románica do contorno norte da catedral de Lugo”— non só inaugura a última serie de achegas centradas nos aspectos materiais da relixiosidade medieval galega, senón que define unha nova vía de investigación no estudo da arquitectura medieval en Galicia enfocando a súa atención nun verdadeiro enigma do noroeste peninsular: a portada norte da basílica lucense. A autora propón unha lectura iconográfica contextualizada que ten en conta o marco cultural e simbólico da época, caracterizada por articularse nunha interpretación orgánica do programa escultórico. Esta aproximación permite reconstruír o percorrido visual e espiritual que o fiel medieval realizaría ao entrar no templo, revelando a intencionalidade admonitoria que subxace á concepción románica do acceso.

O estudo destaca pola súa capacidade para integrar elementos dispersos (canzorros figurados, capiteis *in situ* e *ex situ*) nun discurso unitario orientado a un tema central da arte medieval: a advertencia contra o pecado. A análise pormenorizada dos motivos, desde as escenas xograrescas ata as representacións zoomorfas, mostra como a plástica románica lucense parece desenvolver un código escatolóxico coherente, no que vicio e castigo se combinan para transmitir mensaxes de exhortación e ensinanza cunha ampla proxección social; en parte, como se pode descubrir ao longo do artigo, consecuencia da súa presenza no lugar da catedral máis conectado co espazo urbano e permeable á circulación de persoas e ideas.

Un punto de especial interese reside na conexión que se establece entre os elementos conservados na catedral e un capitel do Museo Provincial de Lugo, cuxo motivo decorativo incorpora dous leóns en plena lide: unha interpretación que reforza a unidade do programa escultórico e subliña, ao mesmo tempo, a relevancia dos espazos do museo na reconstrución da memoria visual do templo.

Que a relixiosidade entre nun verdadeiro xogo retórico e de propaganda para enaltecer unhas liñaxes gracias a unha recoñecida —e recoñecible— “sintaxe artística” é fenómeno ben sabido da Idade Media. Vincularse a certa simboloxía, representacións ou simplemente a unha devoción responde, moitas veces, a necesidades que transcenden o plano espiritual para encarnarse no político e social. Neste marco, o capítulo de María Carrión Longarela —“Imágenes póstumas de mujeres piadosas. Gestos y dispositivos de rezo en la escultura bajomedieval gallega”— propón unha análise que ilumina estas dinámicas a través da escultura funeraria feminina da Baixa Idade Media, centrando a atención no papel das mulleres da nobreza e das súas familias na construción de “discursos piadosos” mediante a asimilación de “modelos seriados”.

A partir dos estudos de referencia de Manuel Chamoso Lamas (1979) e Marta Cendón Fernández (2017), o valor da contribución radica en ofrecer un panorama actualizado dun cor-

pus funerario galego que a propia autora cualifica como “fragmentario y descontextualizado”. En concreto, analizando o “poder retórico” da vestimenta de matriz relixiosa ou nobiliaria, así como a representación de “dispositivos y objetos dedicados a la oración privada” (e certa xestualidade piadosa), Carrión Longarela detecta algunhas constantes iconográficas no discurso visual coa intención de crear un verdadeiro ideal feminino tanto no ámbito profano coma no relixioso.

Trátase dunha achega que alimenta un debate historiográfico que procura comprender a interacción entre materialidade, memoria e representación na relixiosidade baixomedieval. Ao examinar as imaxes póstumas como signos sociais, máis que como expresións individuais, o estudo convida a reflexionar sobre a tensión entre devoción e ostentación, entre a singularidade dunha biografía e a universalidade dos arquetipos¹, revelando como a morte se converteu nun ámbito privilexiado para a proxección simbólica do poder e da identidade.

Finalmente, Paula Corbeira Paz —“*Sanctitatem et clericatum*: a implantación dos cóngos regulares de Santo Agostiño en Galicia e o seu legado patrimonial”— ofrece unha útil actualización sobre a presenza dos agostiños no tecido social galego, pero tendo en conta o panorama eclesiástico a nivel europeo para comprender a súa incidencia no proceso de “consolidación do programa reformista no noroeste peninsular”. Alén de suscitar interese por un tema tradicionalmente marxinal na historiografía galega, a achega de Corbeira Paz destaca por mostrar a estreita relación entre os cóngos agostiños e o fenómeno xacobeo, así como pola identificación dunha vocación hospitalaria que reforza a dimensión pastoral destas fundacións.

En síntese, esta iniciativa editorial constrúese sobre a base de traballos predoutorais e doutorais desenvolvidos por novas investigadoras e novos investigadores, implicados en aspectos diversos vinculados a liñas de investigación emerxentes no ámbito da relixiosidade medieval, segundo a concepción xa exposta na apertura desta introdución. Agárdase que esta selección contribúa a consolidar a renovación dos estudos medievais en Galicia e a estimular novas perspectivas de análise non limitadas a unha única disciplina.

Referencias bibliográficas

- Cendón Fernández, Marta (2017): “La imagen de las mujeres con poder en el arte bajomedieval gallego”. Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo José (ed.): *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV)*, Santiago de Compostela: C.S.I.C., pp. 243-287.
- Chamoso Lamas, Manuel (1979): *Escultura funeraria en Galicia: Orense, Pontevedra, Lugo, La Coruña, Santiago de Compostela*, Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- Conceição, Rúben Filipe Teixeira da (2022): “*Mando et Lego*: as pontes nos testamentos eclesiásticos portugueses (1071 a 1325)”. *Lusitania Sacra* 44, pp. 161-179 [DOI: <https://doi.org/10.34632/lusitaniasacra.2021.10334>].

1 O termo *arquetipo* emprégase aquí na súa acepción máis ampla, no sentido de esquema colectivo de pensamento (compartido e recoñecible), que funciona como matriz cultural ou conceptual. Non se utiliza, pois, no sentido estritamente ecdótico —vinculado á crítica textual e á reconstrución de testemuños—, senón como categoría que permite comprender estruturas recorrentes na imaxinación social e nos discursos históricos.

- Cooper, Alan Ralph (2006): *Bridges, Law and Power in Medieval England, 700-1400*, Martlesham: The Boydell Press.
- Falque Rey, Emma (2013): “Peregrinos y peregrinación a Compostela y Jerusalén en el s. XII a la luz de la *Historia Compostelana*”. Beltrán Cebollada, José Antonio/Encuentra Ortega, Alfredo/Fontana Elboj, Gonzalo/Magallón García, Ana Isabel/Marina Sáez, Rosa María (eds.): *Otium cum dignitate: Estudios en homenaje al profesor José Javier Iso Echegoyen*, Zaragoza: Universidad de Zaragoza, pp. 417-426.
- Le Goff, Jacques (1987): *El hombre medieval*, Madrid: Alianza Editorial.
- Morán Cabanas, María Isabel (2021): “Didáctica interdisciplinar e mapeamento da poesia medieval em Santiago de Compostela”. *Brazilian Journal of Development* 7.1, pp. 4183-4195.
- Russo, Mariagrazia (2004): “Il pellegrinaggio a Santiago nella lirica galego-portoghese”. Mancini, Marco (ed.), *Esilio, pellegrinaggio e altri viaggi*, Viterbo: Sette Città, pp. 201-218.
- Souto Cabo, José António (2012), “*En Santiago, seend’albergado en mia pousada. Nótulas trova-dorecas compostelanas*”, *Verba* 39, pp. 273-298.
- Vieira, Yara Frateschi/Morán Cabanas, María Isabel/Souto Cabo, José António (2011): *O amor que eu levei de Santiago. Roteiro da lírica medieval galego-portuguesa*, Noia: Editorial Toxosoutos.
- Vieira, Yara Frateschi/Morán Cabanas, María Isabel/Souto Cabo, José António (2015): *O Caminho poético de Santiago. Lírica galego-portuguesa*, São Paulo: Cosac Naify.
- Vieira, Yara Frateschi/Morán Cabanas, María Isabel/Souto Cabo, José António (2025-): (eds.): *Roteiro da Lírica Medieval*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [<https://roteiroliricamedieval.gal/>] [última consulta: 20-11-2025].

Versos en viaje. Por el *Camiño francés* con los trovadores

Mariagrazia Staffieri – “Sapienza” Università di Roma

1. Introducción

En el período comprendido entre los siglos XI y XIV, la ciudad de Santiago de Compostela se consolidó como uno de los polos religiosos, políticos y socioculturales más relevantes de la cristiandad medieval, sobrepasando incluso el poder demográfico y económico de la corte real de León. Este prestigio, que tiene sus raíces en el culto al apóstol Santiago —promovido activamente ya desde el siglo X— recibió un impulso decisivo gracias a la elevación de Compostela al rango de archidiócesis durante el mandato de Diego Gelmírez (1100-1139), lo que permitió su incorporación en la red cluniacense y el fortalecimiento de los acuerdos con la curia romana¹. Como resultado de esta estrategia político-eclesiástica, el santuario compostelano se convirtió en poco tiempo en una significativa industria de la *peregrinatio*, generando una economía de acogida que, a su vez, fomentó el desarrollo de una floreciente actividad cultural. De hecho, la continua circulación de intelectuales, clérigos y aristócratas procedentes de toda Europa contribuyó a la adopción y a la transformación de modelos culturales transalpinos, reelaborados en formas nuevas y arraigadas en el contexto gallego, generando así un ambiente receptivo e innovador. Estas dinámicas convirtieron a Santiago en una verdadera potencia cultural, más allá de ser simplemente una destinación de peregrinación.

Una evidencia tangible de este internacionalismo se manifestó en la redacción, a partir de la segunda mitad del siglo XII, de guías destinadas a los peregrinos en distintas lenguas²: un ejemplo destacado es la célebre *Guía dos peregrinos*, que constituye la quinta parte del *Liber Sancti Jacobi* (*Codex Calixtinus*), elaborada por algunos círculos clericales franceses activos en Galicia³.

1 Según la reconstrucción ofrecida por la *Historia Compostelana*, para la cual remitimos a Tavani 1986: 28 y a López Alsina 2013: 107-112.

2 Véase Vasconcelos 1904: II 809.

3 Tavani afirma que el *Codex* en cuestión había sido “confeccionado probablemente por un clérigo francés entre 1139 e 1173 e conservado, en dous exemplares manuscritos, respectivamente nos arquivos capitulares da catedral de Santiago e no fondo Ripoll do Arquivo da Coroa de Aragón, en Barcelona” (1986: 39 n. 27). Para el texto de la *Guía*, véase Vieliard 2004.

Junto a las guías, en el contexto de este articulado sistema ideológico, también se genera una producción poética específica, que a veces muestra algunos vínculos con el auge compostelano. La lírica gallego-portuguesa emerge en un ambiente culturalmente predispuesto hacia las influencias transalpinas (particularmente el repertorio trovadoresco occitano), que se reelaboran a su vez en virtud de una tradición litúrgica y oral endógena. En esta producción, el espacio se erige como un elemento todo menos neutro: Galicia, y en particular Santiago, funciona como un auténtico itinerario espiritual, cargado de un rico valor semántico y simbólico.

Los textos de los *trovadores*, en tal contexto, reflejan una configuración del mundo en la que el paisaje cantado se encuentra impregnado de las huellas de estos lugares que, con frecuencia, se evocan sin una explicación explícita, pero que, sin embargo, desprenden una red de experiencias compartidas. En términos generales, los topónimos mencionados en las *cantigas* se corresponden con las localidades situadas a lo largo de los múltiples caminos compostelanos, lo que sugiere una profunda interrelación entre el entramado poético y la geografía del peregrinaje. Una relación, esta última, que establece un diálogo sutil pero significativo entre la experiencia de la *peregrinatio* y la creación poética⁴. Algunas veces, los nombres de las etapas hacia Santiago aparecen en las *cantigas* gallego-portuguesas con finalidades religiosas, en un amplio espectro que abarca desde los viajes devocionales destinados a *fazer oraçon* o realizados en espíritu de *romaria*, hasta las peregrinaciones ficticias y retratadas por los trovadores. En otros casos, sin embargo, los topónimos se emplean como fórmulas cristalizadas: cuando los poetas delimitan un segmento de un lugar a otro a lo largo del camino hacia o desde Compostela (por ejemplo, de Sahagún a Santiago), no pretenden evocar el itinerario sagrado *stricto sensu*, sino recurrir a una expresión que se ha convertido en proverbial, arraigada en el lenguaje común, para reforzar un juicio o sostener una comparación en clave hiperbólica.

A partir de estas dos categorías, proponemos aquí un análisis de los topónimos presentes en las *cantigas* trovadorescas asociados a las etapas del *Camiño francés*, uno de los itinerarios principales hacia Santiago de Compostela. La selección de este itinerario específico se debe no solo a su importancia histórica en la *peregrinatio* compostelana en la Edad Media, sino también a la frecuencia con la que sus etapas aparecen en el corpus poético gallego-portugués, lo que lo convierte en el recorrido más adecuado para observar la inserción entre el espacio real y la geografía lírica. Desde esta perspectiva, la reflexión sobre textos con funciones diferentes, que abarcan desde lo religioso hasta lo profano, trasciende los límites de los géneros líricos para observar cómo la geografía del peregrinaje es recibida, transformada y transfigurada en la poesía.

4 La importancia cultural de Santiago también se refleja en el ámbito lingüístico: la lírica se expresa en un idioma destilado precisamente para esta función, que luego se impondrá mucho más allá de las fronteras de Galicia, es decir, el gallego-portugués. Un efectivo código poético panibérico de *koiné* —ya que fue adoptado en toda la península ibérica por trovadores castellanos, leoneses, portugueses y gallegos— que refleja la centralidad de la tradición formada en torno al santuario apostólico de Compostela. Para una panorámica acerca de la historia de la lengua gallego-portuguesa, remitimos a Marcenaro 2019: 18-22 y 29-32. Cfr. también los estudios específicos sobre Santiago de Compostela en los siglos XII-XIV y sobre la acogida de la lírica occitana, así como la elaboración y difusión de la lírica gallego-portuguesa: Vieira 1999; Souto Cabo 2012b.

El *Camiño francés*, en su travesía junto a los trovadores, plantea una reflexión sobre las modalidades en que la lírica interioriza el espacio de la peregrinación, explorando su funcionalidad para localizar, narrar o significar, así como su contribución a la construcción de una topografía lírica en la que convergen lo imaginario, la memoria y la retórica⁵.

2. “Cavalgava noutro dia / per o caminho francês”

Los peregrinos que emprendieron su viaje para llegar a la tumba apostólica de Santiago en los siglos X y XI recorrieron trayectos que constituían parte de una red viaria preexistente al descubrimiento del sepulcro (sin una connotación jacobea efectiva), para el desarrollo de nuevos itinerarios devocionales. Sin embargo, con el incremento gradual del flujo de peregrinos, se delineó una ruta privilegiada y más transitada: “una via, di origine romana in gran parte, che percorreva il settore nord della Valle del Douro da est a ovest e giungeva in Francia” (Bermúdez Beloso 2024a: 61).

Esta “vía maestra” está constituida por la ruta actualmente reconocida como *Camiño francés*, y su difusión ha sido favorecida en gran medida por el respaldo de la monarquía, que impulsó la creación de establecimientos de acogida y asistencia para los viajeros, en puntos estratégicos y más transitados, como Pamplona, Burgos, León y Astorga⁶. De este modo, el *Camiño* se configuró pronto como una auténtica arteria vibrante de la vida religiosa y cultural de Galicia, ya que, además de ser el principal eje de acceso a Santiago, representaba también un canal privilegiado de interacción continua entre peregrinos, bienes materiales, conocimientos, melodías y textos.

En estos términos se manifiesta el camino durante el siglo XIII (cuando el itinerario se encontraba plenamente consolidado), en una *pastorela*⁷ de Johan Perez d’Aboim (*MedDB3* 75.3)⁸:

Cavalgava noutro dia
per o caminho francês
e ùa pastor siia
cantando con outras tres
pastores e non vos pês,
e direi-vos toda via

5 Para la realización de este estudio, han sido de suma importancia el *Glossario onomastico e prosopografico della lirica galego-portoghese* y el *Roteiro virtual da Lirica Medieval* <<https://roteiroliricamedieval.gal/>> (desde ahora *roteirodigital*), respecto al cual cfr. Vieira/Morán Cabanas/Souto Cabo 2011; Vieira/Morán Cabanas/Souto Cabo 2015; Vieira/Morán Cabanas/Rocha 2020; Morán Cabanas 2021.

6 Cfr. Rucquoi 2010: 101-105; López Alsina 2013: 193-202.

7 Ferreiro et al. (2018-), en la base de datos *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa* (desde ahora solo *UC*), consultable en <universocantigas.gal>, consideran esta *cantiga* (con el número de repertorio 691) de carácter híbrido, junto a otras composiciones, ya que “combinan en graos diferentes elementos propios das *cantigas de amigo* —mais tamén das *cantigas de amor* e mesmo das *de escarnio*— con elementos temáticos e léxicos propios do xénero da *pastorela*. Era esta unha modalidade poética bastante cultivada nas tradicións literarias oitánica e occitánica, en que un cabaleiro encontra soa e require de amores a unha moza pastora”. Entre las *cantigas* de este grupo, encontramos *Quand’eu un dia fui en Compostela* de Pedr’Amigo de Sevilla, que analizaremos más adelante. A propósito de esta cuestión, véase también Tavani 1986: 217-223.

8 Todas las *cantigas* que examinaremos en este trabajo seguirán la transcripción de Brea y Lorenzo Gradín (2021-), ofrecida en la *Base de datos da lírica profana galego-portuguesa* (desde ahora solo *MedDB3*), disponible en <bernal.cirp.gal/ord-s/f?p=129:2>.

o que a pastor dizia
 aas outras en castigo:
 “Nunca molher crêa per amigo,
 pois s’ o meu foi e non falou migo”

(I: 1-10)

En esta breve *cantiga*, el trovador se presenta como observador de una escena campestre: cabalgando por el camino, escucha una conversación entre pastoras que cantan e intercambian confidencias amorosas. En la estrofa inicial que aquí se cita, una de ellas advierte a sus compañeras que no confíen en los hombres, pues ella ha sufrido el abandono de su *amigo*, el cual se marchó sin despedirse. La alusión explícita al “caminho francês” en el v. 2, además de ser un dato topográfico particularmente interesante (sobre todo si consideramos que es un *unicum* en el corpus gallego-portugués)⁹, pretende poner la escena en un contexto espacio-temporal preciso, estableciendo una correlación entre el diálogo de las pastoras y la geografía devocional. La referencia al viaje del trovador, en la primera *cobla*, sugiere una asociación temática con la peregrinación y su connotación de esperanza en el regreso. De hecho, ya en la *cobla* siguiente observamos una transición hacia una escena en la que otra pastora ofrece una perspectiva optimista y más confiada respecto al posible retorno del *amigo*.

A partir de esta única resonancia del *Camiño*, se puede ahora iniciar el itinerario compostelano, prestando atención a los topónimos que, en los textos trovadorescos, evocan algunos lugares significativos del trayecto.

3. “Romeu de Sancta Maria / e ora per Roçavales passou”

La “peregrinación de los trovadores” inicia en la frontera con el sur de Francia, más concretamente en Rocamador, localidad conocida por el santuario de Santa María. La ciudad francesa aparece en *Pero no fui a Ultramar* (MedDB3 97.28), *cantiga de escarnio* de Martín Soarez:

E diz que vio ñu judeu,
 que vio prender Nostro Senhor;
 e averedes i gran sabor,
 se vo-lo contar cuido-m’ eu;
 diz que é un judeu pastor,

9 En los manuscritos que transmiten esta *cantiga* (B 676 y V 278), se lee *hun* en lugar del artículo definido *o* propuesto por MedDB3 y Nunes (1973: 101-102). Otros editores conservan la lección de los cancioneros (Cohen 2003: 162; Vieira/Morán Cabanas/Souto Cabo 2015: 68; Lopes 2016: I 575-576; UC 691). A pesar de esta incerteza editorial, parece evidente que la referencia es al *Camiño francês*; más bien, el artículo *hun* podría indicar también el solo tramo de la vía Francigena. Sin embargo, Carlo Rettore releva en esta referencia un mero gusto esterófilo de la composición, en relación con su género poético: “la pastorella, in effetti, fu un genere praticato in particolare modo da trovatori e trovieri, motivo per cui il solo accenno all’ambientazione francese poteva evocare un immaginario di canti cortesi di natura differente a quella più comune nel panorama galego-portoghese” (Rettore 2024a: 130). Cfr. Vieira/Morán Cabanas/Souto Cabo 2011; Vieira/Morán Cabanas/Souto Cabo 2015: 68-73, los cuales revelan que en esta *cantiga* “se alude provavemente ao célebre ‘caminho francês’ (ou a uma das suas ramificações) que levava os peregrinos desde a França até Santiago de Compostela” (2015: 72-73).

natural de Rocamador,
e que á nome Don Andreu.

(III: 15-21)

Como se ilustra en la glosa explicativa¹⁰, en este texto el autor se burla de un falso cruzado, que acaba de regresar de un viaje a Tierra Santa: uno de los temas difamatorios más apreciados por los trovadores gallego-portugueses. En este caso, con la intención de ridiculizar los limitados conocimientos geográficos del trovador perdido Sueir'Eanes¹¹ (objeto del *escarnio*), Soares ofrece una densa serie de topónimos, la mayoría de los cuales pertenecen a localidades existentes: desde Marsella hasta Somport, pasando por Acre (puerto mediterráneo de Siria); y aún más, Belfurado, Santarém y Nogueirol (quizás Nogueiró o Nogueiroa, en Galicia¹²), que se encuentran lejos de Jerusalén. En este contexto toponímico, Rocamador emerge como el lugar de origen del joven judío Don Andreu, que Sueir'Eanes encontró durante su estancia en Ultramar y que dijo que asistió en persona a la captura de Cristo: una narración inverosímil, la cual pone en tela de juicio la veracidad del viaje del trovador a Tierra Santa.

Rocamador mantiene su papel como origen —primero de un hombre y ahora de un objeto— en *Quand'eu hun dia fuy en Compostela* (MedDB3 116.29), *pastorela*¹³ de Pedr'Amigo de Sevilha:

Dixi-lh' eu logo: “Fremosa poncela,
queredes vós min por entendedor,
que vos darey boas toucas d' Estela,
e boas cintas de Rrocamador,
e d' outras doas a vosso sabor,
e ffremoso pano pera gonela?”

(II: 7-12)

De esta reconocida localidad de peregrinación (desde el siglo XII y durante toda la Edad Media) provienen las *boas cintas* que el trovador prometió regalar a una pastora encontrada en su itinerario hacia Santiago, con el propósito de persuadirla para que lo aceptara como amante. La relevancia de las *cintas* en el contexto de la expresión afectiva de la *cantiga* se vincula con su fun-

10 “Esta cantiga fez Martin Soares a un cavaleiro que era chufador, que dezia que viinha d'Outramar” (B 143, fol. 36r). Cfr. Bertolucci 1992: 47.

11 Este trovador es objeto de ataques poéticos también por Pero da Ponte (cfr. MedDB3 120.7, 120.48 y 120.49) y por Afons'Eanes do Coton (cfr. 2.22). En el caso que analizamos aquí, a través de una sapiente *aequivocatio* e *interpretatio nominis*, Martin Soares “attacca qui Sueir'Eanes per la sua omosessualità (*d'outr'amar*), poiché, mentre si vantava di essere stato Oltremare, in realtà si trovava ad essere *bel furado* a *Belfurado*, località portoghese” (Ron Fernández 2024c: 227). Véase también Martínez Pereiro 2013: 56.

12 Según la interpretación de Bertolucci 1992: 49; cfr. Rettore 2024b: 256.

13 Véase Vieira/Morán Cabanas/Souto Cabo 2015: 135-141: “Como o próprio trovador diz, a *cantiga* é uma ‘pastorela’ [...]. O seu modelo evidente é a composição que inaugura o gênero na Provença, a pastorela *L'autr'ier jost'una sebissa*, de Marcabru, com a qual compartilha [...] elementos formais, expressivos e temáticos” (140). Cfr. *roteirodigital*, *Cantigas* > *Quand'eu un dia fui en Compostela*.

ción como presente entre amantes, símbolo de lealtad y amor. Además, en este texto es singular la combinación de dos lugares de *peregrinatio*: el más conocido Rocamador, y el menos conocido —fuera de las fronteras ibéricas— *Estela* (Estella, en Navarra): de este último provienen, de acuerdo con Sevilha, las *boas toucas*. El tema de las *toucas d'Estela* se aborda con cierta frecuencia en el corpus lírico gallego-portugués, y en ocasiones las *toucas* se asocian con las *cintas*, como ocurre aquí¹⁴. Aunque la combinación de los topónimos “compiace un gusto assai diffuso nel tempo” (Marroni 1968: 251 n. 10)¹⁵, aquí también podría referirse a la *capilla* dedicada al culto de Nuestra Señora de Rocamador, ubicada a Estella.

Si hasta aquí Rocamador ha aparecido únicamente como referencia toponímica, el pasaje siguiente permite reconocer su proyección cultural en el corpus lírico, pues es precisamente el célebre santuario de Rocamador el que se menciona en la única estrofa que se conserva íntegra de *Pero d'Ambroa prometeu de pram* (*MedDB3* 64.23), *cantiga de escarnio* de Johan Baveca:

Pero d' Ambroa prometeu de pram
que fosse romeu de Sancta Maria,
e acabou assy ssa romaria
com' acabou a do frume Jordan:
ca entonce ata Monpilier chegou
e ora per Roçavales passou
e tornou-sse do poio de Roldam.

(I: 1-7)

Nos encontramos en el contexto de un *Camiño francés* recorrido en dirección opuesta, en el que la destinación de Pero d'Ambroa debería haber sido la ermita de Santa María en Rocamador: sin embargo, el desafortunado *romeu* interrumpió también esta peregrinación. De hecho, ya anteriormente, el trovador había afirmado haber realizado un primer viaje devocional, deteniéndose en aquel caso en Montpellier, lo que le valió numerosos comentarios burlescos por Pedr'Amigo de Sevilha, Pero Gómez Barroso y Gonçal'Eanes do Vinhal¹⁶.

En esta *cantiga*, Baveca también se burla de las pretensiones del falso peregrino, precisando que Pero, esta vez, ni siquiera logró cruzar los Pirineos. Como prueba de eso, el trovador menciona otra etapa del camino compostelano (de la que esta es la única ocurrencia): Roncesvalles, localidad ibérica ubicada en la cercanías de la frontera francesa, de la cual toma su denominación el puerto pirenaico homónimo. Por aquí pasó d'Ambroa durante su camino de regreso, llegando al Poio de Roldán¹⁷.

14 Así en *MedDB3* 60.3, vv. 6 y 12 (*refran*): “que troux' a mha touca sigo”; 125.34, v. 12: “se cada que essa touca torcer” y v. 17: “pois sêmp' a touca mal posta tragedes”; 128.4, v. 9: “mias toucas da Estela”. Con referencia también a las *cintas*, véase 70.45, v. 10: “guardad' a cint' e a touca”. Cfr. Marroni 1968: 250-251 n. 9. Respecto a la tradición de *touca* y *cinta*, remitimos a Gutiérrez García 2006: 67-166; Corral Díaz 2010.

15 Cfr. a este propósito Bertolucci 1992: 48-49 n. 1.

16 Véanse *MedDB3* 116.11, 116.15, 116.31, 127.7 y 60.11. Cfr. Zilli 1977: 157-158.

17 El Poio de Roldán, identificable como “un monte, non meglio individuabile se non come posto al di qua dei Pirenei (Pero

4. “Un dia fui cavalgar / de Burgos contra Carrion”

Al adentrarse en el territorio castellano, nos llegamos a una de las ciudades más emblemáticas de la Edad Media ibérica: Burgos, cuya relevancia en la ruta de los peregrinos hacia Santiago de Compostela resultó determinante para su desarrollo urbanístico. Este impulso gradual de las peregrinaciones se aceleró con la designación de Burgos como capital del reino de Castilla por Alfonso VIII, lo que supuso su consolidación como centro económico y político, pero también como etapa de pasaje¹⁸. El monarca, de hecho, confirió a Burgos un privilegio análogo al concedido a Carrión, la cual, tras el fallecimiento de Alfonso VII, se encontraba en una zona fronteriza entre León y Castilla (como la totalidad de la Tierra de Campos). Si Alfonso VIII recibió la investidura de caballero precisamente en Carrión, también sus sucesores reservarán una importancia particular a la ciudad, cuyos principales centros religiosos se beneficiaron de diversas donaciones, entre las cuales el Fuero Real otorgado por Alfonso X en 1255¹⁹. En este contexto de protección real y consolidación institucional, el desarrollo económico y artístico de Carrión —así como el de Burgos— fue impulsado por la convergencia de diversas rutas hacia Santiago.

En lo que respecta al *Camino francés*, la ruta Burgos-Carrión se menciona en dos *cantigas*. La primera es *As mias jornadas vedes quaes son* (MedDB3 2.6), *cantiga de escarnio* de Afons'Eanes do Coton:

As mias jornadas vedes quaes son,
meus amigos, meted' i femença:
de Castr' a Burgos e end' a Palença,
e de Palença sairm' ar Carrion,
e end' a Castro, e Deus mi dé conselho,
ca vedes, pero vos ledo semelho,
muit' anda triste o meu coração.

(I: 1-7)

Con el propósito de seguir a una mujer que “casad' é, ou viuv' ou solteira / ou touquinegra, ou monja, ou freira” (vv. 9-10), la travesía de Coton abarca varias etapas del *Camino*: desde Castro hasta Burgos, luego a Palencia y Carrión, regresando finalmente a Castro, según una *accumulatio* toponímica característica también del “ciclo de Ultramar” (como se evidencia en el caso de Martin Soarez). En el texto satírico, entre el *escarnio* y el *amor*, la mención de estas ciudades —“localizzabili in un raggio di circa 100km compreso nelle attuali comunità di León e di Castilla” (Marcenaro 2015: 50-51)— tiene el fin de resaltar la *autocommiseratio* del trovador, orientada

d'Ambroa non li avrebbe infatti valicati)” (Zilli 1977, p. 159 n. 7). La mención también aparece en la tercera estrofa de la misma *cantiga*, que se conserva solo parcialmente y en la cual “è possibile capire che Baveca raccolga tramite il discorso diretto le considerazioni di Pero d'Ambroa riguardo il suo desiderio di trovare il *corno de Roldán* nel *poio* per poter tornare e fingere di essere stato pellegrino. Per la presenza del *poio* dove morì l'eroe carolingio, avvisando i suoi del pericolo attraverso l'Olifante, si desume che la fonte sia ovviamente la *Chanson de Roland*” (Ron Fernández 2024d: 306).

18 Véase González Díez 1983: 7-13, 17-23, 33-39 y 47-74.

19 Cfr. González Jiménez 2004: 93-95.

al lamento de *jornadas* destinadas al vagabundo y pasadas no bajo el signo de una *peregrinatio*, sino siguiendo un itinerario sin meta²⁰.

La segunda ocurrencia de la ruta Burgos-Carrion se releva en *Un dia fui cavalgar* (MedDB3 120.51), *cantiga de escarnio* de Pero da Ponte:

Un dia fui cavalgar
de Burgos contra Carrion,
e saiu-m' a convidar
no caminh' un infançon;
e tanto me convidou,
que ôuvi logo a jantar
con el, mal que mi pesou.
U m' eu de Burgos parti,
log' a Deus m' encomendei
e log' a el prougu' assi
que un infançou achei;
e tanto me convidou,
que ôuvia jantar logu' i
con el, mal que mi pesou.

(I-II: 1-14)

Aquí también, como en el caso anterior, el trovador emprende su viaje desde Burgos hasta Carrión (esta vez, partiendo de la capital castellana, como se sugiere en el v. 8: “U m' eu de Burgos parti”)²¹. Durante su travesía, Pero da Ponte se cruza con un *infançon*, es decir, “un nobile decaduto, avaro e meschino” (Panunzio 1992: 163), que insiste en invitar al poeta a comer, y él, aunque de mala gana y sin interés, se ve obligado a aceptar (“e tanto me convidou / que ôuvi logo a jantar / con el, mal que mi pesou”, vv. 5-7). El motivo de la miseria y la avaricia de los *infanções*, a los que el *trovador* dirige una viva burla, emerge nuevamente en *Noutro dia, en Carrion* (MedDB3 120.29), en la que el contexto de la escena es invariablemente la ciudad de Carrión, aunque en este caso la alusión no tiene implicaciones de ningún tipo relacionadas con el Camino de Santiago²².

20 Estos topónimos son todos localizables, con la única excepción de Castro: “una possibile ipotesi è Castro de Fontidueña, situata a sud di Burgos, nell’attuale provincia di Segovia, ma la frequenza del toponimo in epoca medievale rende molto difficoltosa un’identificazione sicura” (Marcenaro 2024a: 66). A propósito de Palençã, véase Bermúdez Beloso 2024d: 274.

21 La distancia entre las dos ciudades se encuentra también en MedDB3 43.4, mientras que de Burgos se habla, a propósito de cuestiones políticas-militares (con referencia a la conquista andaluza), en 120.33 de Pero da Ponte y en 18.29 de Alfonso X. Finalmente, la ciudad está mencionada en la crítica a Pero d’Ambroa que se lee en 116.31, nuevamente con la acusación de un falso viaje a Ultramar: Pedr’Amigo de Sevilha aquí afirma que las informaciones que Pero tiene a propósito de la Cruzada no pueden probar su viaje, porque habría podido obtener esas noticias también en Burgos (cfr. Bermúdez Beloso/Marcenaro 2024: 59).

22 Al contrario de 120.51, en esta *cantiga* se habla de un *infançon* que compra salmón fresco al mercado de Carrion (cfr. Panunzio 1992: 171). Con referencia a este tema, la ciudad de Carrion es mencionada también en MedDB3 114.26/18.45, debate entre Pai Gomez Charinho y Alfonso X a propósito del “obbligo dei vassalli a cibare i signori che passavano dai loro domini” (Bermúdez Beloso 2024b: 63). El topónimo recurre en dos otras *cantigas de escarnio*, que tratan respectivamente

5. “Porquê non foy migo na sagraçon / de Bonaval”

Desde Carrión, nos adentramos en Galicia hasta llegar a Bonaval, a las afueras de las murallas de Compostela, efectuando así un salto geográfico más allá de las fronteras leonesas. De hecho, las menciones de otras localidades (algunas de las cuales muy relevantes, como Pamplona, Astorga, Melide y León) no se relacionan con la peregrinación o con contextos religiosos, ni con itinerarios que podrían formar parte de un código expresivo²³, y por estas razones no las trataremos aquí.

- Yarza Luaces, Joaquín (2003): *La nobleza ante el rey*, Madrid: El Viso.
- Yarza Luaces, Joaquín (2007): *La Cartuja de Miraflores. I. Los sepulcros*, XIII Cuadernos de Restauración de Iberdrola, Madrid: Fundación Iberdrola.

Sanctitatem et clericatum: a implantación dos cóengos regulares de Santo Agostiño en Galicia e o seu legado patrimonial

Paula Corbeira Paz – Universidade de Santiago de Compostela¹

1. Introducción

O presente artigo ten como obxectivo reunir e sistematizar o coñecemento dispoñible sobre a implantación destas comunidades en Galicia, a partir dun exercicio de síntese historiográfica. Analízase o seu contexto histórico-eclesiástico, a orixe e evolución da orde na Península Ibérica e particularmente en Galicia, así como as características das súas fundacións e espiritualidade, e os factores que contribuíron ao seu posterior declive. Prestarase especial atención a exemplos galegos e á evidencia da súa integración nas redes locais, así como á súa relación cos poderes eclesiásticos e laicos, incluído o patrocinio aristocrático exercido por familias como os Traba, que estiveron aliñadas cos postulados da Reforma Gregoriana.

O estudo das canónicas regulares en Galicia presenta desafíos significativos que contribuíron a un relativo silencio historiográfico e a unha desigualdade no desenvolvemento dos estudos monásticos en comparación con ordes máis estruturadas como a do Císter ou a orde beneditina. Por unha banda, a ambigüidade léxica na documentación dos séculos XI e XII dificulta a delimitación tipolóxica e funcional das fundacións canónicas. Esta falta de precisión reflíctese no uso intercambiable de termos como *canónicas*, *colexiatas*, e mesmo *mosteiro*, *prior* ou *fratres*. Así mesmo, algúns documentos pontificios resultan confusos, referíndose ás canónicas como *igrejas* ou *mosteiros*, sen precisar a súa adscrición a unha regra nin a súa organización interna.

A esta imprecisión léxica súmase a escaseza das propias fontes documentais, apenas anteriores ao segundo terzo do século XII. Estas dificultades condicionaron unha produción historiográfica desigual, aínda que non ausente, con achegas puntuais que arroxaron luz sobre certos aspectos da implantación e evolución destas comunidades.

Un dos estudos de referencia sobre os Cóengos Regulares de Santo Agostiño é o de R. Grégoire (1982), *La vocazione sacerdotale*, onde se analiza a orixe da orde e a súa implantación en

¹ Este traballo foi realizado no marco do programa de doutoramento en Estudos Medievais da Universidade de Santiago de Compostela, Grupo Iacobus (GI-1907).

Europa occidental, ofrecendo un enfoque amplo sobre a súa espiritualidade e evolución institucional.

Na mesma liña, J. A. Calvo Gómez (2014) dedica toda unha tese de doutoramento e varias publicacións ao estudo da orde, abordando cuestións como a súa orixe, difusión e substrato intelectual. Reserva un capítulo ás canónicas non afiliadas a ningunha congregación, organizadas de xeito rexional, con breves apuntamentos sobre cada unha delas. Ademais, contribuíu con diversos artigos centrados en observancias específicas, como a do Santo Sepulcro de Xerusalén ou San Rufo de Avignon (Calvo Gómez 2014a: 75 e 2015a: 55).

Pola súa parte, a obra de F. J. Pérez Rodríguez (2019) constitúe unha achega fundamental ao estudo da implantación monástica en Galicia durante a Plena e Baixa Idade Media. Ao longo de dous volumes extensos, o autor analiza os obxectivos da dita reforma no contexto galego e ofrece un exhaustivo inventario de mosteiros de distintas congregacións, entre os que dedica un capítulo ás fundacións de cóengos regulares de Santo Agostiño. O volume de información recompilada confírelle á obra un valor documental indiscutible. Non obstante, debido á amplitude do obxecto de estudo, a traxectoria individual de cada fundación é tratada de maneira sintética, sen afondar en aspectos como a análise artístico-arquitectónica dos edificios. No caso concreto das canónicas regulares, a súa presenza recóllese dentro do marco xeral, sen que se lles dedique un desenvolvemento específico ou un estudo monográfico detallado.

A obra *Entre el claustro y el mundo. Canónigos regulares y monjes premonstratenses en la Edad Media* (García de Cortázar et al. 2009), constitúe unha das achegas máis relevantes ao estudo das formas de vida relixiosa comunitaria na Idade Media peninsular. Reúne traballos de varios autores como M. Calleja Puerta, S. Guijarro González e J. Martínez Aguirre, entre outros, que abordan cuestións clave como a expansión dos cóengos regulares nos reinos de León e Castela, a vida intelectual nas canónicas non episcopais, así como a implantación e características artísticas dos mosteiros premonstratenses. Neste último punto destaca a contribución de M.^a T. López Guerreño Sanz (2009), centrada na observancia premonstratense na Península Ibérica. O seu estudo constitúe unha das poucas achegas ao patrimonio artístico vinculado ás canónicas agostiñas na Península, aos seus espazos e funcións, se ben o tratamento destes conxuntos segue a ser puntual e fragmentario.

Aínda que a obra constitúe un marco introdutorio esencial para abordar o tema, o seu enfoque continúa centrado maioritariamente nos territorios centrais da Península, polo que ningún destes traballos afonda especificamente nas comunidades de cóengos regulares no territorio galego.

Persiste a falta de estudos monográficos que analicen de maneira individualizada os establecementos monásticos, o que dificulta unha comprensión máis profunda do fenómeno no ámbito galego, especialmente á luz da súa vinculación co Camiño de Santiago. Neste contexto, e considerando a dimensión hospitalaria da orde, acentúase a necesidade de novas investigacións que aborden o papel fundamental desempeñado por estas comunidades en canto á consolidación e desenvolvemento das distintas rutas xacobeas, así como a asistencia hospitalaria e espiritual prestada aos peregrinos. Dada a súa importancia, este aspecto merece ser desenvolvido nun estudo independente.

Aínda que a falta de investigacións exhaustivas sobre esta orde xerou baleiros no seu estudo, é innegable o papel significativo que desempeñou no panorama relixioso de Galicia. A súa influencia foi determinante na reconfiguración das estruturas eclesiásticas locais e na propagación dos ideais reformistas.

2. Do ideal reformador ao modelo canonical regular: orixes e espiritualidade dos cóengos regulares de Santo Agostiño

A implantación dos Cóengos Regulares de Santo Agostiño en Galicia durante os séculos XI e XII non pode entenderse á marxe do profundo proceso transformador e de reordenación que experimentou a Igrexa occidental neste período, coñecido como a Reforma Gregoriana². Este movemento reformador fundamentábase no rexeitamento de prácticas xeneralizadas que socavaban a integridade do ministerio clerical presentes en toda Europa e territorio peninsular, como a simonía —a compravenda de dignidades eclesiásticas— e o nicolaísmo —o incumprimento do celibato por parte do clero—³. Promoveuse activamente un clero disciplinado, subtraído da dependencia feudal e sometido directamente á autoridade papal.

Con todo, as orixes deste impulso reformador canonical remóntanse ás disposicións establecidas na Regra de Aquisgrán, a cal se basea na de Crodegango de Metz (754), que se fundamenta na tradición beneditina e a liturxia romana (Calvo Gómez 2014a: 309; Giroud 1961: 34-35; Dereine 1953: 364). Estas normas prefiguraban xa algúns dos principios fundamentais que máis tarde articularán o movemento regular agostiño. É neste momento cando se promove a regulación da vida diaria dos cóengos, establecendo a residencia común e precisando funcións litúrxicas.

Fronte á fórmula carolinxia de Aquisgrán, a Reforma Gregoriana impulsou un movemento de volta ás fontes da vida cristiá e o retorno aos ideais comunitarios da vida apostólica, como o mellor remedio contra a simonía e o nicolaísmo. A regra de Aquisgrán consentía a propiedade privada. Esta cesión á propiedade foi, con todo, duramente cuestionada polos impulsores da reforma gregoriana, que a vían incompatible coa pobreza apostólica á que aspiraban (Calvo Gómez 2016: 192-194). Desde o século XI prodúcese unha ruptura coa tradición canónica anterior, motivada pola evolución do concepto de *VITA CANONICA* antes e durante a Reforma Gregoriana, iniciada durante o papado de León IX (1049–1054) e no sínodo de Letrán (1059) que, convocado por Nicolás II, terminou por consolidar as medidas reformistas gregorianas e favoreceu o desenvolvemento das comunidades de cóengos regulares en toda a Europa occidental (Álvarez Gómez 1989: 34-35)⁴. A nova iniciativa reformadora impulsada desde Francia e Italia relanzou a

2 A recepción da Reforma gregoriana na Península Ibérica non constituíu un fenómeno illado. Forma parte do amplo movemento de renovación eclesiástica que atravesou a cristiandade occidental nos séculos XI e XII. Non obstante, no caso hispánico adquiriu unha fisionomía propia, condicionada polo marco político e social da Reconquista e da repoboación, circunstancias que marcaron tanto o ritmo como as formas concretas de implantación; vid. Calvo Gómez 2015b: 201–232.

3 Vid. Poggiaspalla 1968 e Lunardi 1970.

4 Aínda que as disposicións de Nicolás II en 1059 esixisen a vida común, respecto aos ingresos procedentes das igrexas, inicialmente deixaron intacta a propiedade privada segundo Aquisgrán.

vida dos cóengos regulares como unha verdadeira forma de vida relixiosa, marcando o inicio da súa implantación plena en Europa occidental, incluída a Península Ibérica, especialmente baixo o impulso de Hildebrando de Soana en 1059, futuro Gregorio VII, un dos grandes arquitectos da Reforma Gregoriana. Aqueles clérigos que acolleron as disposicións de Nicolás II como forma de vida, especialmente a partir da codificación realizada por Alejandro II (1061-1073) en 1063, comezaron a conformar o que se coñecería como a Orde dos Cóengos Regulares de San Agostiño.

A diferenza dos cóengos seculares, que se conformaban con acatar as disposicións de Aquisgrán e levaban unha vida privada gozando das rendas, os cóengos regulares optaron polo retorno dos fundamentos da vida cristiá máis primitiva e dos ideais comunitarios da VITA APOSTÓLICA. Esta nova forma de vida relixiosa era vista como a unión de dúas vocacións: unha espiritual (similar ao estilo monástico) e outra pastoral (Calvo Gómez 2014a: 26).

Estes clérigos abrazaron a vida en común e a pobreza individual segundo os principios da Regra de Santo Agostiño⁵. Aínda que non sempre se pode determinar con precisión cal era a norma concreta observada en cada comunidade, o esencial residía en vivir conforme ás Regras dos Santos Pais, os canons conciliares e as disposicións episcopais. Con este marco normativo como referencia, moitas destas comunidades chegaron a organizarse en agrupacións dotadas de certa autonomía, aínda que sempre baixo a autoridade do bispo diocesano, especialmente no territorio aragonés (Campo del Pozo 1978: 24-26; Giroud 1961: 33; Dereine 1952: 400)⁶.

Entre os cóengos regulares difundíuse non só a doutrina monacal do Bispo de Hipona senón tamén a súa Filosofía, Teoloxía e doutrina política ou canónica (Campo del Pozo 1978: 29). Profesaban o ideal de vida activa, aquel modelo de vida relixiosa baseado na actividade apostólica: a predicación, asistencia espiritual (CURA ANIMARUM), a caridade e acollida de peregrinos e enfermos. A súa vida litúrxica articulábase en torno ao rezo coral, á celebración de misas, e á conmemoración de defuntos, todo iso reflexo do vínculo espiritual e material coa comunidade laica que os sostíña (Poggiaspalla 1968: 136).

A espiritualidade canonical regular non diverxe tanto da monacal, pois ambos se preocupan pola recuperación da vida apostólica primitiva, viven en comunidade e defenden os ideais de pobreza e axuda ao próximo. Podería dicirse que os cóengos regulares son o resultado dunha síntese entre o rigorismo dos monxes da época e a reforma das prácticas pastorais do clero. Con todo, a diferenza dos monxes contemplativos, o seu labor non se restrinxía ao claustro, senón que se manifestaba na súa implicación na vida relixiosa local, especialmente a través do ministerio parroquial, apoiado por bulas papais e doazóns de igrexas rurais. O seu carácter regular implica que están supeditados a unha regra máis aló da súa propia condición clerical ou a aplicación do dereito canónico, que lles diferenciaba dos clérigos seculares.

5 A adopción xeneralizada da Regra de Santo Agostiño prodúcese no século XII; ata ese momento, só tiña carácter de influencia (Giroud 1961: 38).

6 A Regra de Santo Agostiño é en realidade un corpus de textos, baseado principalmente na Carta 211. A partir do século XII a regra interpretouse a través de costumarios, aínda que a documentación sobre estes é limitada. Existían variantes como o *ordo antiquus* e o *ordo novus*, sendo o primeiro menos rigoroso. A suposta laxitude do *ordo antiquus* podería facilitar a súa adopción por institucións preexistentes que buscaban unha norma non demasiado estrita (Calvo Gómez 2014a: 187-188).

A súa dobre natureza —clerical e regular— propicio o carácter flexible nas súas formas de vida (Dereine 1953: 366-370). Nalgúñas congregacións prevaleceu a súa dimensión máis secular, priorizando as actividades pastorais e asistenciais, mentres que noutras impúxose unha vida estritamente regular. Esta adaptabilidade favoreceu unha gran diversidade interna. Doutra banda, esa mesma autonomía implicou que non todas as casas estivesen integradas en congregacións unificadas, dificultando o desenvolvemento dunha cohesión institucional sólida a longo prazo.

3. Implantación e desenvolvemento dos cóengos regulares en Galicia: contexto, actores e dinámicas

A Península non foi allea a este movemento reformador, aínda que a adopción da Regra de Santo Agostiño foi un proceso gradual. A implantación da vida canonical na Península Ibérica ten unha orixe moi temperá. Xa no ano 633, o IV Concilio de Toledo —presidido por Isidoro de Sevilla— articulaba un modelo de vida canonical ordenado e normativamente establecido (Grégoire 1982: 25). Porén, a invasión musulmá do 711 supuxo unha interrupción significativa no desenvolvemento das institucións eclesiásticas hispánicas. A restauración monástica en Galicia deuse paralelamente ao avance da Reconquista, especialmente durante os séculos VIII a X. Xurdiron múltiples fundacións illadas impulsadas por particulares —clérigos, abades ou laicos piadosos— que edificaban igrexas e pequenos mosteiros privados (García de Cortázar 2004a: 46).

Antes da súa consolidación, o panorama eclesiástico presentaba unha gran heteroxeneidade: existían numerosos centros de raíz altomedieval, moitas veces establecidos por clérigos ou laicos en terras propias sen unha regulación estrita. O proceso de implantación da orde no caso particular do territorio galego esténdese desde finais do século XI ata o século XIII, tras o Sínodo romano de 1059 (García de Cortázar 2004a: 46). A miúdo, este proceso dáse a través da transformación de estas institucións preexistentes, aínda que tamén se documentan varias fundacións *ex novo* (como Santa María de Sar (1136) e San Salvador de Pedroso (1111)).

A finais do século XI, os mosteiros do norte da Península Ibérica funcionaban como señoría monástica cuxas comunidades observaban a Regra de San Benito na súa versión cluniacense (García de Cortázar 2004a). Non é ata o segundo terzo do século XII cando atopamos referencias concretas, aínda que escasas, ao seguimento da regra agostiña nos reinos peninsulares⁷. A expansión dos cóengos regulares de Santo Agostiño nos reinos cristiáns hispánicos non respondeu a un único modelo fundacional, senón que se presentou en varias iniciativas vinculadas a contextos rexionais, intereses reformistas e dinámicas socio-eclesiásticas diversas (Calvo Gómez 2015b: 214). Neste proceso, Santa Cruz de Coimbra (1130) constitúe un dos primeiros e máis significativos referentes documentados da implantación da orde na Península, actuando como centro

7 A vaguidade terminolóxica e institucional durante o século XI en relación coas distintas formas de vida clerical, previa á consolidación do modelo dos Cóengos Regulares de Santo Agostiño, dificulta o seu estudo. Neste contexto, termos como “canónica”, “colexiata” ou “mosteiro” empregábanse indistintamente, o que evidencia a indefinición normativa e institucional característica do período anterior á reforma de 1059. As mencións explícitas a comunidades que adoptasen a regra agostiña nos reinos cristiáns hispánicos son escasas antes do segundo terzo do século XII, o que suxire que a súa implantación foi un fenómeno tardío e promovido principalmente pola acción do papado e o seu programa reformista centralizado desde Roma.

difusor cara ao norte e exercendo unha influencia determinante na configuración dos primeiros capítulos agostiños ibéricos⁸.

No contexto galego, a debilidade da organización episcopal e a forte pegada das fundacións privadas condicionaron a recepción da Reforma Gregoriana e, moi especialmente, a introdución de novas formas de vida clerical, como a canónica regular. A orde de cóengos regulares enfrontouse, así, a resistencias derivadas da sólida tradición de igrexas propias e mosteiros familiares, pero tamén atopou oportunidades vinculadas ao dinamismo xacobeo e á crecente centralidade das institucións eclesiásticas no reino asturleonés.

Detrás de moitas destas fundacións atópase a vontade de promover unha vida relixiosa máis estrita e apostólica, en liña cos principios da Reforma Gregoriana, pero tamén a procura de control e o reforzo da autoridade episcopal e señorial dos territorios, o cal explica a implicación tanto de actores eclesiásticos como laicos. Neste contexto, a dimensión pastoral e hospitalaria propia dos cóengos regulares —tal como sinala C. Dereine (1953: 385), quen mesmo propón a existencia dun tipo específico de fundacións de carácter laico e hospitalario— converteuse nun elemento clave: ao situarse en lugares estratéxicos, moitas destas comunidades atendían tanto á poboación local como aos camiñantes e peregrinos que comezaban a transitar as rutas xacobeas (Santa María Madalena de Sarria, San Miguel de Bremao ou Santa María do Sar).

As comunidades adoitaban ser pequenas e estaban compostas por un prior e un ou varios cóengos⁹. Só en fundacións como Caaveiro e Sar menciónanse ata seis cóengos (Del Hoyo et al. 1950: 90). A documentación para moitas destas canónicas non catedralicias é dispersa e pobre, o que dificulta ter unha visión panorámica sólida e, en moitos casos, mesmo asegurar se unha determinada igrexa participou do movemento canonical ou en que datas.

As casas agostiñas foron predominantemente de patrocinio eclesiástico ou laico-nobiliario. Un dos principais axentes na implantación de comunidades agostiñas foron aqueles bispos que, aliñados cos principios da reforma gregoriana, preocupados por renovar a vida clerical mediante novas formas de vida común, actuaron como impulsores do novo ideal de vida canonical. En numerosos casos, estes prelados promoveron ou directamente fundaron canónicas regulares como instrumentos de reforma diocesana. Probablemente o caso máis significativo no contexto galego é o de Santa María de Sar, en Compostela, fundada como priorado da catedral de Santiago, co propósito de servir como casa de retiro para cóengos regulares. Este proxecto iníciase Munio Alfonso (1133-1136), tesoureiro e cóengo da igrexa de Santiago durante os primeiros anos do século XII e colaborador do bispo Xelmírez, que asume a súa función e termina o proxecto en 1136¹⁰. Polo tanto, estamos ante unha fundación promovida dende a contorna da sede compostelá como parte do programa reformador gregoriano. O mosteiro desenvolvía unha función complementaria para

8 No ámbito castelán-leonés interior destacan fundacións como San Isidoro de León (1144), Santa María de Valladolid (1162), Párraces (desde 1178) e Benevívere (1179).

9 Entre os séculos XI e XIII, tiveron unha presenza relevante as casas de San Rufo de Aviñón, o Santo Sepulcro de Xerusalén, Premostré e San Antonio de Vienne (García de Cortázar 2004a: 47-48; Calvo Gómez 2014b: 75-98; Calvo Gómez 2015a: 55-84).

10 *Historia Compostelana* 1950: 63, 144-148.

a catedral de Santiago, que controlaba directamente a comunidade dende o prelado diocesano. Xelmírez procurou articular unha relación harmónica entre a comunidade de Sar e a sede compostelá, consciente de que a vocación hospitalaria dos cóngos regulares resultaba esencial para atender o constante fluxo de peregrinos. A fundación de Sar non só reforzou a rede asistencial do Camiño de Santiago, senón que tamén consolidou a imaxe de Compostela como centro espiritual e de acollida cristiá.

Segundo R. Yzquierdo Perrín (1997), a comunidade de Sar sería a primeira da orde de Santo Agostiño instaurada en Galicia. Con todo, esta consideración sostense unicamente se se atende ás canónicas non catedralicias, xa que en San Martín de Mondoñedo documéntase a presenza dunha comunidade de cóngos regulares desde 1112, tras o traslado da sede episcopal.

Nesta mesma liña de fundacións de posible impulso episcopal, debe situarse o caso de San Xoán da Cova, mencionado como unha iniciativa vinculada ao bispado, aínda que as fontes dispoñibles non permiten determinar con precisión a súa cronoloxía nin confirmar de maneira concluínte a súa adscrición agostiña nas súas primeiras etapas (Pérez Rodríguez 2019: 944). Suxírese que puido ser fundado por Sisnando I de Iria; con todo, a principios do século XII, a propiedade do mosteiro recaía en mans de particulares, sendo cedido a Diego Xelmírez por Arias Alóitiz nos primeiros anos da devandita centuria. En 1143, o arcebispo compostelán Don Pedro Elías, en presenza do seu cabido, elaborou á constitución formal de San Xoán da Cova, establecendo unha comunidade agostiña baixo a supervisión directa da Igrexa de Santiago (López Ferreiro 1901: 227-229). A súa localización, nunha zona de paso cara a Compostela, reforza a interpretación do mosteiro como enclave de apoio espiritual e material para peregrinos.

O impulso da nobreza, e en menor medida do monarca, tamén foi fundamental neste proceso. Aínda que o patrocinio real —especialmente baixo Alfonso VII— priorizou en ocasións outras estruturas eclesiásticas, as elites aristocráticas, e en particular a influente familia Froilaz-Traba, exerceron un patrocinio significativo e intenso cara a comunidades regulares, incluíndo as de filiación agostiña (López Sangil 2007: 261-301). Son varios os membros desta liñaxe familiar os que figuran como fundadores ou benfeitores de casas agostiñas mediante doazóns, reformas ou protección directa. San Xoán de Caaveiro, documentado xa en 1098 como beneficiario dunha doazón dirixida ao bispo don Pedro, parece contar co mecenado directo desta familia, que promoveu a súa igrexa —polo menos en parte— en 1194 (Pérez Rodríguez 2019: 926-939). Aínda que a documentación non confirma explicitamente a súa adscrición agostiñas nesa fase temperá, o apoio continuado dos Traba a comunidades reformadas suxire unha posible vinculación. Máis clara é a filiación de Santo Tomé de Nemeño, que aparece explicitamente como mosteiro agostiño en 1105, e que mantivo relacións cos Traba polo menos ata 1134 (Pérez Rodríguez 2019: 957-959). San Salvador de Pedroso, fundado en 1111 por dona Munia Froilaz —membro directo da casa Traba—, inscríbese na esfera de influencia desta poderosa familia nobiliaria (Pérez Rodríguez 2019: 959-936). A fundadora prometera o mosteiro ao bispo don Munio Alfonso, quen posteriormente se retiraría a Sar (Barreiro 1883: 329). Este vínculo, aínda que indirecto, cunha figura relevante da contorna reformada compostelá, reforza a hipótese dunha orientación canónica regular na xénese do mosteiro, en sintonía cos ideais de vida común promovidos pola regra de San

Agostiño. A familia Traba realizou doazóns a Santa María de Sar en 1144. As motivacións para este tipo de fundacións non foron unicamente de tipo piadoso, a conversión, ou a relativa flexibilidade destas canónicas convertíaaas en auténticas ferramentas de control territorial e lexitimación política-social. Ás veces, este patrocinio implicou a transformación de mosteiros familiares preexistentes en canónicas agostiñas. Este padroado, ademais de obedecer a motivacións piadosas e políticas, debe entenderse tamén como unha forma de apoiar a función hospitalaria e de acollida que estes mosteiros exercían, especialmente en relación co tránsito xacobeo.

A protección rexia tamén existiu, aínda que se manifestou máis tardiamente, especialmente a partir do reinado de Alfonso VII. San Isidoro de León (1144) preséntase como o primeiro exemplo claro a nivel peninsular de predilección rexia por un establecemento agostiño. No último terzo do século XII, a protección rexia converteuse nunha práctica corrente, con noticias de promoción rexia de novos establecementos en territorio galego, como o de Xunqueira de Ambía, cuxa traxectoria institucional, iniciada en 1150, desenvolveuse baixo a influencia directa de Alfonso VII mediante privilexio real, polo cal se doa a metade do couto a Santa María de Sar e encoméndanse as terras e o mosteiro aos cóengos regulares de Santo Agostiño. Aínda que a adscrición explícita á orde non se documenta ata 1237, cando Fernando III confirma a súa pertenza á “orde de Sant Agustín”, o conxunto pode considerarse representativo do modelo de fundación agostiña promovido desde Santiago. A súa arquitectura, de planta basilical con tres naves e tripla cabeceira absidal, álzase sobre un asentamento monástico altomedieval, o que subliña tanto a continuidade do lugar como a súa renovación baixo os parámetros da reforma canónica e o patrocinio rexio. A súa proximidade ás rutas de peregrinación e a súa escala arquitectónica explican tamén a súa capacidade para funcionar como centro hospitalario de relevancia.

Esta adaptación á nova orde espiritual, con todo, tamén supuxo certos desafíos. A falta dunha articulación congregacional forte e a dependencia de patrocinadores locais facilitaron unha ampla diversidade entre casas, pero á vez dificultaron a consolidación de estruturas supracomunitarias duradeiras. A partir do século XIII, as comunidades de cóengos regulares, do mesmo xeito que outras formas de vida relixiosa, comezaron a experimentar un período de crise e transformacións. A presenza das novas ordes mendicantes, como franciscanos e dominicos, que se implantaron a mediados do século XIII, supuxo unha menor incidencia para os cóengos regulares nalgunhas zonas. Os mendicantes prevaleceron sobre outras formas de vida relixiosa no sur peninsular e nos novos territorios de ultramar (García de Cortázar 2004a: 49).

Nos últimos séculos da Idade Media, documéntase unha decadencia xeneralizada das canónicas non catedralicias. Moitos establecementos fracasaron ou experimentaron unha diminución significativa das súas rendas e efectivos. Algunhas casas foron absorbidas por cabidos catedralicios, como Lampai e Couselo. O camiño maioritario neste período foi a secularización, que implicaba a repartición das prebendas e a redución dos edificios a simples igrexas parroquiais.

4. Arquitectura canónica en Galicia: formas e configuracións medievais

A arquitectura monástica medieval na Península Ibérica caracterízase por unha planificación espacial concibida para responder ás necesidades funcionais da vida comunitaria. Este esquema organizativo tamén foi asumido polas comunidades de cóngos regulares, que o adaptaron con pequenas variacións. A disposición xeral estrutúrase ao redor de catro grandes áreas: a zona de clausura, os espazos destinados a hóspedes e visitantes, as dependencias de abastecemento e a zona reservada a novizos e enfermos. Entre elas, adquire especial relevancia a clausura, núcleo vital do conxunto, onde se concentran as estancias fundamentais para a vida regular. Ao leste situábase a sala de monxes e dormitorio común; xunto a elas, a sala capitular, destinada ás reunións comunitarias. Ao sur atópase o refectorio, disposto paralelamente ao claustro correspondente, e ao oeste, a adega. Esta distribución responde en gran medida á influencia do modelo cluniacense, especialmente evidente na disposición do refectorio, adoptada sistematicamente polos premonstratenses. Con todo, esta descrición responde a un esquema xeral que, aínda que foi común en boa parte da Península Ibérica, presenta excepcións en determinados ámbitos xeográficos.

En Galicia, en particular, obsérvase unha significativa diversidade na configuración arquitectónica das canónicas, tanto na disposición dos espazos como nas solucións formais adoptadas. Fronte á tendencia, máis habitual noutras rexións peninsulares, a asumir modelos tipificados de implantación monástica, as canónicas galegas evidencian unha maior flexibilidade e adaptación á contorna, ao contexto fundacional ou ás posibilidades materiais de cada comunidade. A análise dos conxuntos permite, así, distinguir varias tipoloxías arquitectónicas que amosan diferentes orientacións da vida canónica: algúns mosteiros, como Caaveiro, Bremao ou San Xoán da Cova, responden a unha tipoloxía rural e contemplativa, caracterizada por pequenas comunidades situadas en lugares apartados ou de difícil acceso, con igrexas de nave única e cabeceira absidal. Neste modelo, a arquitectura adapta con singularidade as limitacións do terreo, como no caso de Caaveiro, disposto en plataformas a diferentes alturas e con dúas igrexas de reducidas dimensións, ao tempo que se privilexia unha orientación máis cara á vida comunitaria e espiritual, con menor protagonismo pastoral directo.

Noutras fundacións, como Santa María de Sar ou Xunqueira de Ambía, identifícase unha tipoloxía vinculada ás rutas de peregrinación, situadas en contornos máis accesibles e próximos ao Camiño de Santiago. Nestes casos documentáronse plantas máis complexas de tipo basilical, con tres naves, resultado dun maior apoio económico e institucional. A proximidade a itinerarios xacobeos reforzou a dimensión hospitalaria e pastoral destas comunidades, materializada na acollida de peregrinos e enfermos. Por último, cabe sinalar a existencia dunha tipoloxía intermedia ou mixta, representada por fundacións promovidas pola nobreza ou o episcopado, como Santo Tomé de Nemeño ou San Salvador de Pedroso, vinculados á familia Traba. Estes mosteiros combinaban a espiritualidade contemplativa coa función territorial e asistencial, ao tempo que actuaban como instrumentos de control e lexitimación social por parte dos seus fundadores.

O estudo da súa arquitectura continúa sendo limitado e fragmentario. Aínda que se realizaron investigacións sobre a implantación da observancia premonstratense na Península Ibérica —como os traballos de M. T. López Guereño Sanz (2009: 207) sobre os mosteiros premonstra-

tenses hispanos en época románica—, persiste a dificultade de establecer un modelo arquitectónico uniforme. Posiblemente os primeiros cóengos non adoptaron un plano específico, senón que seguiron o plan que levaran á práctica os beneditinos. As igrexas son de planta variada segundo as posibilidades económicas do mosteiro, xa fosen basilicais de tres naves ou de nave única, e as dependencias seguían a distribución das estancias do plano de Sant Gall e os beneditinos (García de Cortázar et al. 2009: 71).

Con todo, o modelo ideal de organización monástica —estruturado en torno ao claustro e articulado en áreas funcionais diferenciadas (clausura, hospedaría, servizos e enfermería)— non se trasladou de forma literal aos mosteiros de cóengos regulares en Galicia. Neste ámbito, as fundacións presentan dimensións máis reducidas e estruturas arquitectónicas sinxelas, concibidas para cubrir as necesidades esenciais da vida regular. En lugar dunha diversificación espacial complexa, estas comunidades privilexiaron solucións funcionais e austeras, reflexo do seu carácter rural, contemplativo e moitas veces illado. A iso súmase o feito de que, en varios casos, a área claustral non se conservou ou sufriu importantes transformacións posteriores, o que dificulta a reconstrución precisa da súa organización orixinal. En Breamo, por exemplo, non se conserva o espazo claustral; mentres que en Sar, este sufriu profundas alteracións a partir da época moderna, o que complica a súa lectura estrutural.

Deste xeito, as construcións adoptan as formas estruturais e decorativas do románico ou do gótico, en función do contexto cronolóxico da súa edificación, integrándose en correntes estilísticas rexionais sen mostrar demasiadas particularidades distintivas. As similitudes observables respecto doutras casas como as do Císter obedecen a formulacións regulares similares, que impoñían criterios comúns tanto no ámbito funcional como no decorativo. A particularidade destas comunidades non reside tanto na creación dun modelo arquitectónico propio, senón na diversidade tipolóxica resultante da súa adaptación ao contexto físico, económico e espiritual de cada fundación.

5. Conclusións

A implantación dos Cóengos Regulares de Santo Agostiño en Galicia constitúe un fenómeno de gran interese dentro do panorama eclesiástico medieval. As particularidades rexionais que se manifestan en Galicia, especialmente no ámbito arquitectónico-artístico, así como a diversidade tipolóxica dos seus conxuntos, achegan unha dimensión adicional de complexidade e riqueza ao estudo do fenómeno agostiño neste territorio. A través dunha rede diversa de fundacións, moitas delas de carácter modesto e con traxectorias pouco coñecidas, estas comunidades contribuíron de maneira decisiva á consolidación do programa reformista no noroeste peninsular, transformando as estruturas eclesiásticas locais.

Dentro das súas achegas específicas á historia relixiosa galega, destaca de maneira especial a súa estreita vinculación co Camiño de Santiago. A súa presenza ao longo dos roteiros xacobeos, unida á súa vocación hospitalaria, traducíuse na creación e xestión de establecementos asistenciais que ofrecían atención a peregrinos e enfermos. A envergadura desta dimensión hospitalaria xustifica por si soa un tratamento independente, dada a súa relevancia para o desenvolvemento das

infraestruturas e da espiritualidade asociadas ao fenómeno xacobeo (García de Cortázar 2004b: 72-99).

A pesar das dificultades metodolóxicas e do limitado número de estudos monográficos dedicados ás distintas casas, a análise destas institucións revélase imprescindible para unha comprensión completa da relixiosidade medieval galega. O seu estudo permite recuperar unha peza esencial do complexo mosaico da vida relixiosa na Idade Media. O seu legado, aínda que a miúdo silenciado pola historiografía, ofrece claves fundamentais para comprender a evolución do monacato e do clero regular en Galicia.

6. Bibliografía

- Álvarez Gómez, Jesús (1989): *Historia de la vida religiosa. Desde los canónigos regulares hasta las reformas del siglo XV*, Madrid: Publicaciones Claretianas (Instituto Teológico de Vida Religiosa), vol. II.
- Barreiro, Bernardo (1883): “Escritura de fundación del Real Monasterio de Santa María de Sar”. *Galicia Diplomática* II.35, pp. 329-332.
- Calvo Gómez, José Antonio (2014a): *Los canónigos regulares en la Edad Media*. Tese Doutoral, Salamanca: Universidade Pontificia de Salamanca.
- Calvo Gómez, José Antonio (2014b): “Los cabildos hispánicos de canónigos regulares de la obediencia de San Rufo de Avignon (siglos XI-XV)”. *Historia. Instituciones. Documentos* 41, pp. 75-98 [DOI: <https://doi.org/10.12795/hid.2014.i41.03>].
- Calvo Gómez, José Antonio (2015a): “Los canónigos regulares del Santo Sepulcro de Jerusalén en la península Ibérica (siglos XII-XV)”. *Medievalismo* 25, pp. 55-84 [DOI: <https://doi.org/10.6018/j/241321>].
- Calvo Gómez, José Antonio (2015b): “Rasgos de la reforma del clero en la Península Ibérica durante el siglo XI”. *Studia Historica. Historia Medieval* 33, pp. 201-232 [DOI: <http://dx.doi.org/10.14201/shhme201533201232>].
- Calvo Gómez, José Antonio (2016): *La vida en común del clero medieval. El origen y la expansión de los canónigos regulares*, Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos.
- Campo del Pozo, Fernando (1978): “El monacato de san Agustín en España y las Constituciones de Ratisbona (1290)”. *Archivo Agustiniano* 62.180, pp. 3-38.
- Dereine, C. (1953): “Chanoines (des origines au XIIIe siècle)”. A. Baudrillart, A. de Meyer y E. Cauwenbergh (dirs.): *Dictionnaire d'Histoire et de Géographie Ecclésiastiques*, t. XII, París: Librairie Letouzey et Ané, cols. 353-405, en concreto cols. 357-358.
- García de Cortázar, José Ángel (2004a): “Monasterios hispanos en torno al año mil: función social y observancia regular”. García de Cortázar, José Ángel (ed.): *Ante el milenario del reinado de Sancho el Mayor: un rey navarro para España y Europa*, Pamplona: Gobierno de Navarra, pp. 213-270.

- García de Cortázar, José Ángel (2004b): “La implantación monástica en el Camino de Santiago: ¿monasterios del Camino o monasterios en el Camino?”. García de Cortázar, José Ángel/Teja Casuso, Ramón (eds.): *Monasterios y peregrinaciones en la España medieval*, Aguilar de Campoo: Fundación Santa María la Real, pp. 72-99.
- García de Cortázar, José Ángel/Teja Casuso, Ramón (eds.) (2009): *Entre el claustro y el mundo: canónigos regulares y monjes premonstratenses en la Edad Media*, Aguilar de Campoo (Palencia): Fundación Santa María la Real.
- Giroud, Charles (1961): *L’Ordre des chanoines réguliers de Saint-Augustin et ses diverses formes de régime interne. Essai de synthèse historio-juridique*. Martigny: Éditions du Grand-Saint-Bernard.
- Grégoire, Réginald (1982): *La vocazione sacerdotale: i canonici regolari nel Medioevo*, Roma: Studium.
- Hoyo, José del/Rodríguez González, Antonio/Varela Jácome, Bieito/Pedret Casado, Pilar/Tobío Fernández, Jesús (1950): *Memorias del Arzobispado de Santiago*, Porto y Cía. Editores.
- López Ferreiro, Antonio (1901): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, t. IV.
- López Guereño Sanz, María Teresa (2009): “Utopía y realidad: la arquitectura de los monasterios premonstratenses hispanos en época románica”. Á. García de Cortázar y R. Teja (eds.): *Entre el claustro y el mundo: canónigos regulares y monjes premonstratenses en la Edad Media*, Madrid: Fundación Santa María la Real, pp. 207-233.
- López Sangil, José Luis (2007): “La nobleza altomedieval gallega. La familia Froilaz-Traba. Sus fundaciones monacales en Galicia en los siglos XI, XII y XIII”. *Nalgures* 4, pp. 241-331.
- Lunardi, Giovanni (1970): *L’ideale monastico nelle polemiche del secolo XII sulla vita religiosa*. Noci: La Scala.
- Pérez Rodríguez, Francisco Javier (2019): *Los monasterios del Reino de Galicia entre 1075 y 1540: de la Reforma Gregoriana a la Observante*, Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2 vols.
- Poggiaspalla, Ferminio (1968): *La vita comune del clero: Dalle origine allá riforma gregoriana*. Roma: Edizioni di Storia e Letteratura.
- Yzquierdo Perrín, Ramón (1997): “Santa María de Sar”. Real e Ilustre Cofradía Numeraria del Rosario (coord.): *II Semana Mariana en Compostela (Santiago, 1-6 de outubro de 1996)*, Santiago de Compostela: Real e Ilustre Cofradía Numeraria del Rosario, pp. 71-106.



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN
EN HUMANIDADES